



Guía Docente						
Datos Identificativos				2020/21		
Asignatura (*)	Practicum		Código	750G01032		
Titulación						
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	24		
Idioma	Castelán/Galego					
Modalidade docente	Presencial					
Prerrequisitos						
Departamento	Ciencias da Saúde					
Coordinación	Rodriguez Maseda, Emma	Correo electrónico	emma.rodriguez.maseda@udc.es			
Profesorado	Darriba Rodríguez, María Del Pilar Fernández Basanta, Sara Freijomil Vázquez, Carla García Sánchez, María Matilde Movilla Fernández, María Jesús Rodríguez Maseda, Emma Sobrido Prieto, Natalia	Correo electrónico	pilar.darriba@udc.es sara.fbasanta@udc.es carla.freijomil@udc.es matilde.garcia@udc.es maria.jesus.movilla@udc.es emma.rodriguez.maseda@udc.es natalia.sobrido@udc.es			
Web	moodle.udc.es					
Descripción xeral	Materia de práctica clínica de intervención integradora e avanzada, supervisada por profesionáis de enfermaría e por profesorado da Universidade situados nos recursos socio-sanitarios seleccionados como ámbitos clínicos de aprendizaxe práctica avanzada. O seu obxectivo fundamental, é permitir a incorporación por parte do alumnado dos valores profesionais,razoamento clínico, xestión clínica e o xuízo crítico. Ademais, o estudiantado integrará os coñecementos, habilidades e actitudes da enfermaría como práctica profesional baseada en principios e valores, asociados ás competencias descritas nas materias que conforman o título.					



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos.</p> <p>Non existen modificacións nos contidos da materia.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Portafolios do alumno/a.</p> <p>Eventos científicos e/ou divulgativos.</p> <p>Prácticas clínicas.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>- Correo electrónico: De uso pra facer consultas e resolver dúbidas.</p> <p>? Moodle: Nas datas establecidas para as diferentes entregas, utilizaremos esta plataforma para facer o seguemento do portafolio do/a alumno/a.</p> <p>? Teams: Para as tutorías e nas occasíons en que sexa necesario unha reunión diagnóstica do rotatorio de práctica clínica e ao final do rotatorio para a comunicación e/ou revisión da avaliación final e para a organización da Xornada Divulgativa.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Non existen modificacións no sistema de avaliación da materia.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>A avaliación desta materia só será posible se o/a alumno/a completou alo menos o 75% das 470 h de prácticas clínicas asignadas nesta materia. Unha porcentaxe inferior suporá un NP na avaliación.</p> <p>De ser posible, se completarán as prácticas no período establecido polo profesorado, antes da data de peche de actas (tanto xuño como xullo) e no servicio que se considere oportuno en función das necesidades, podendo non coincidir co lugar no que se iniciaron.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non existen modificacións na materia.</p>
----------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Participar de maneira activa e responsable como membro do equipo asistencial	A62	B1 B2 B3 B4 B5 B7 B11 B12 B14 B16 B18 B21 B22 B24	C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12
Desenvolver con habilidade, estratexias de comunicación coas persoas, familias, grupos e comunidade.	A62	B1 B3 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B14 B15 B18 B21 B22	C1 C3 C4 C6 C8 C11 C12
Demostrar capacidade para determinar as necesidades de coidado das persoas atendidas, establecer os diagnósticos de enfermaría e complicacións potenciais e planificar as intervencións e actividades necesarias.	A62	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B18 B19 B20 B21 B22 B24	C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12 C13



Executar con habilidade as intervencións e actividades necesarias.	A62	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B19 B20 B21 B24	C3 C4 C6 C7 C8 C11 C13
Utilizar os sistemas de continuidade dos coidados.	A62	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B14 B16 B18 B19 B21 B22 B24	C1 C3 C4 C6 C8 C10 C12
Actuar segundo os principios éticos e legais que guían á profesión. Cumprir as normas de funcionamento das institucións sanitarias.	A62	B1 B2 B3 B5 B6 B7 B9 B11 B13 B14 B16 B20 B21 B22 B24	C3 C4 C7 C10 C11



Contidos	
Temas	Subtemas
PRACTICAS CLÍNICAS TUTELADAS QUE SE DESENVOLVEN EN CALQUERA ÁMBITO DA PRÁCTICA ENFERMEIRA.	<p>Realización do proceso de Coidado.</p> <p>Realización de actividades de prevención e promoción da saúde.</p> <p>Administrar coidados ás persoas, en situacións específicas de saúde-enfermidade.</p> <p>Comunicación efectiva co usuario e/ou persoas significativas e co equipo multidisciplinar.</p> <p>Traballo en equipo e relacións interprofesionais. Incorporación á práctica profesional dos principios éticos e legais que guían a profesión.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Portafolios do alumno	A62 B1 B3 B7 B8 B11 B21 C1 C3 C4 C6 C7 C12 C13	0	30	30
Eventos científicos e/ou divulgativos	B8 B11 B12 B13 B22 C3 C4 C7 C13	10	0	10
Prácticas clínicas	A62 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B18 B19 B20 B21 B22 B24 C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12 C13	470	89	559
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Portafolios do alumno	A metodoloxía que se utilizará para realizar este portafolio é o Diario Reflexivo do/a alumno/a. Este diario, realizarase a través da plataforma Moodle e a súa cumplimentación é obligatoria e consistirá nunha entrada mensual.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Antes de finalizar o rotatorio os/as alumnos/as asistirán na modalidade que permita a situación sanitaria do momento (virtual ou presencial) as Xornadas de Orientación Profesional organizadas pola Facultad e eventos científicos que se poidan programar. Prógrámase como unha actividade de asistencia obligatoria dentro da materia.
Prácticas clínicas	Proceso instruccional que ten lugar nun ambiente natural, relacionado co exercicio dunha profesión, no que os/as estudiantes observan e participan en actividades clínicas deseñadas para proporcionarles oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica desta. Prógrámase como unha actividade de asistencia obligatoria dentro da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción



Prácticas clínicas	<p>A atención personalizada vai dirixida principalmente a tutorizar ao alumnado, guiandolos a través da aprendizaxe. Isto permite facer un seguimiento do proceso de maduración das competencias.</p> <p>Dentro do marco da atención personalizada inclúese a realización dun e-Diario reflexivo, que se revisa semanalmente, o cal supón un marco de reflexión no que o profesorado ten a posibilidade de guiar o alumnado naqueles aspectos que resulten más dificultosos dende a perspectiva do alumnado.</p> <p>Ademais, traballaranse os aspectos que se consideren oportunos tras as reunións cos diferentes titores/as dos/as alumnos/as.</p>
--------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Prácticas clínicas	A62 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B18 B19 B20 B21 B22 B24 C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12 C13	<p>A súa realización é obligatoria en tempo, horario e centro establecido dende a Facultade. Como resultado do rotatorio práctico, xeraranse dous informes, un intermedio e outro final, os cales serán elaborados polo profesor, que tutorice ao alumno no centro sanitario. Estes informes serán revisados finalmente e valorados polas docentes da materia e o/a titor/a clínico. Estes dous informes permítennos realizar un seguimento da evolución do alumnado e ser conscientes de aspectos a mellorar.</p> <p>Na elaboración dos informes, teranse en consideración os coñecementos, as actitudes profesionais, as habilidades e destrezas técnicas e as aptitudes do alumnado.</p>	80
Portafolios do alumno	A62 B1 B3 B7 B8 B11 B21 C1 C3 C4 C6 C7 C12 C13	A súa realización é obligatoria. Será avaliado polo profesorado da materia, non polos/as titores/as clínicos.	20

## Observacións avaliación

**PRÁCTICAS CLÍNICAS:**

Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado oficialmente na materia Practicum e ter superadas as todas as Estancias Clínicas, tal e como consta na memoria do Título de Grao

Existe a obrigatoriedade de asistir ás prácticas clínicas e non existen faltas xustificadas, polo que as ausencias debidamente acreditadas deberán recuperarse, sempre que non excedan do 20% das planificadas. As non xustificadas poden supor, a criterio do profesorado responsable da materia, o suspenso da materia. A recuperación das prácticas realizarase no período establecido polo profesorado, antes da data de peche de actas e no servicio que se considere oportuno en función das necesidades, podendo non coincidir co lugar no que se iniciaron.

Para superar a materia:

- É imprescindible superar cada unha das metodoloxías availables de forma independente. As partes consideráñanse superadas cuando se alcanza unha puntuación de 5 sobre 10. A non superación dunha das partes suporá a cualificación de SUSPENSO en acta.
- É imprescindible ter asistido aos eventos científicos e/o divulgativos programados.

O sistema de cualificacións expresarase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Sistema de cualificacións:

0-4.9=Suspensos

5-6.9=Aprobado

7-8.9=Notable

9-10=Sobresaliente

9-10 Matrícula de Honra (Graciable)

O feito de presentarse/realizar as prácticas clínicas e ser avaliado en calquera das probas implica figurar en acta como presentado coa cualificación correspondente.

Convocatoria de segunda oportunidade: o estudiantado deberá recuperar toda a materia (no caso de non superar ambas metodoloxías) ou a parte non superada, durante o mes de xullo e antes do peche de actas.

As condicións para a obtención dunha matrícula de honra son que o/a alumno/a obteña máis dun 95% da cualificación da materia, sexa a mellor cualificación da clase na oportunidade avaliada e a súa achega na solución de problemas e nas prácticas fose significativa.

A vixencia do aprobado das Estancias Clínicas manterase por un período de dous cursos lectivos consecutivos á realización das estancias aprobadas.

**Fontes de información**

Bibliografía básica	Esta materia é de movilización de competencias fináis, polo que inclue toda a bibliografía básica da titulación.
Bibliografía complementaria	

**Recomendacións****Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Estancias Clínicas I/750G01025

Estancias Clínicas II/750G01026

Estadías Clínicas III/750G01027

Estancias Clínicas IV/750G01028

Estancias Clínicas V/750G01029

Estancias Clínicas VI/750G01030

Estancias Clínicas VII/750G01031

**Materias que se recomienda cursar simultaneamente****Materias que continúan o temario****Observacións**



Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE DO MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XERO:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestará especial atención en detectar situacóns de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías